

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** CPR. PLURILINGÜE LANDRO-VIVEIRO

**CURSO:** 3º DE PRIMARIA

**TITORA:** MARÍA GLORIA RODRÍGUEZ BLANCO

**1- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS**  
**IMPRESCINDIBLES**

**C. DA NATUREZA**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Realizar un proxecto para obtención dun produto como resultado dun problema formulado elaborando documentación con certa autonomía	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira clara, limpa e ordenada
Coñecer a morfoloxía externa do corpo e os órganos máis importantes	Explica a morfoloxía externa do corpo, o seu funcionamento e os cambios nas distintas etapas
	Coñece os principais órganos vitais e entende a importancia que teñen no seu organismo
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de hixiene, exercicio físico e o descanso	Emprega hábitos de hixiene, exercicio e de alimentación sana na escola
Identificar, clasificar e recoñecer con criterios científicos os animais e plantas da súa contorna	Observa, identifica, recoñece e clasifica as características básicas dos animais e plantas da súa contorna
Observar e rexistrar de forma cooperativa algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo na aula. Comunicar os resultados de xeito oral ou escrito empregando soportes textuais variados	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo explicándoo en soportes diferentes

Realizar experiencias sinxelas para recoñecer os cambios de estado da auga	Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá
--	---

### **C. SOCIAIS**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Recoñecer os principais elementos do Sistema Solar, o Sol, os planetas e as súas características	Identifica os elementos do Sistema solar
Localizar a Terra e a Lúa no Sistema Solar recoñecendo características, movementos e consecuencias	Describe de forma sinxela os movementos da Terra Explica de forma sinxela os cambios entre o día e a noite e as estacións do ano
Identificar as capas da Terra	Nomea e describe as capas da Terra
Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre	Recoñece as representacións da Terra: planos, mapas e globos terráqueos
Identificar a atmosfera e os fenómenos meteorolóxicos da súa contorna	Nomea e describe as causas da formación das nubes e das precipitacións
Diferenciar entre clima e tempo atmosférico	Diferenza entre o clima e o tempo atmosférico
Explicar o ciclo da auga	Escrebe con orde as fases do ciclo da auga
Explicar o que é a paisaxe e os seus elementos	Define paisaxe, e identifica os seus elementos
Explicar os elementos da paisaxe e as consecuencias da intervención humana nesa paisaxe	Nomea e explica as formas do relevo tanto de costa coma de interior e o impacto negativo da intervención humana na paisaxe

## LINGUA CASTELÁ

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Recoñecer a información verbal e non verbal	Integra os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente
	Exprésase correctamente
Recoñecer o significado das palabras polo contexto	Identifica as palabras polo contexto no que se atopan
Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos	Comprende a información de textos orais de uso habitual na escola
	Responde preguntas que corresponden á comprensión
Reproducir textos axeitados aos seus gustos	Reproduce textos de memoria tanto literarios coma non literarios
Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral, escoitar e preguntar	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse, escoitar e preguntar
Ler en voz alta e en silencio diferentes textos	Le en voz alta e en silencio con pouca dificultade os textos
Comprender textos e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e mellorar a ortografía	Elabora glosarios das palabras novas aprendidas
Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos	Activa coñecementos previos para comprender un texto
	Relaciona a información obtida das ilustracións coa información do texto

	Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado
Producir textos aplicando as regras ortográficas e coidando a presentación	Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas do nivel
	Presenta os seus traballos con limpeza e caligrafía clara
Valorar os seus textos escritos así como as producidas polos compañeiros	Valora os textos tanto seus coma dos seus compañeiros
Utilizar unha linguaxe respectuosa coa diversidade	Exprésase por escrito evitando unha linguaxe sexista e non respectuosa
Aplicar coñecementos básicos sobre a gramática, vocabulario, significado das palabras así como das regras de ortografía	Recoñece o nome, a súa clasificación e as súas características
	Recoñece determinantes, adxectivos e pronomes persoais
	Utiliza normas ortográficas básicas
	Utiliza con corrección os tempos verbais ao producir textos tanto orais como escritos
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua	Utiliza as palabras sinónimas e antónimas nos textos orais e escritos
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita	Clasifica e usa os tipos de nomes
	Aplica as normas de concordancia de xénero e número
	Utiliza signos de puntuación nos seus textos
Valorar recursos literarios de tradición oral: poemas, cancións, etc	Valora os recursos de tradición oral: poemas, cancións, contos, etc
Reproducir textos literarios breves e adaptados á idade	Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos

## MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Utilizar estratexias no proceso de razoamento dos problemas	Comprende e analiza os enunciados dos problemas
Identificar e resolver problemas da vida cotiá establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas	Planifica o traballo con preguntas adecuadas sobre o que ten e pode facer
Utilizar os medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet	Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos para aprender e resolver problemas
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados	Le, escribe e ordena números ata 10.000
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor	Realiza correctamente series ascendentes e descendentes
	Descompón, compón números naturais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
Realizar operación de cálculo incluído o mental	Memoriza as táboas de multiplicar
	Realiza cálculos coa operación de multiplicación e de división na resolución de problemas
	Identifica os termos da multiplicación e a división
Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais facendo	Identifica as unidades do sistema métrico decimal: lonxitude, capacidade e masa

estimacións de medidas de lonxitude, capacidade e masa en contextos reais	
Coñecer as unidades de medida de tempo utilizándoas para resolver problemas da vida cotiá	Resolve problemas da vida real utilizando medidas temporais
Coñecer o valor de moedas e billetes do Sistema Monetario da U.E.	Coñece a función e o valor das moedas e billetes para resolver problemas reais

## **LINGUA GALEGA**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Comprender textos orais sinxelos extraendo o sentido global e a información específica	Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo e extrae o sentido global da mensaxe
	Identifica quen, que e onde nunha noticia
	Elabora un breve resumo a partir dunhas preguntas
Comprender e reproducir textos orais sinxelos propios de uso cotiá de ámbito académico	Participa nunha conversa, comprende o que di o interlocutor e intervéñ adecuadamente
	Segue unha exposición da clase e extrae o sentido global preguntando se é necesario
Usar de forma xeral unha linguaxe non discriminante e respectuosa coas diferenzas	Usa unha linguaxe non sexista
Comprender, buscar e seleccionar información en textos sinxelos de soportes variados (webs, infantís, libros, carteis, etc)	Comprende a información dos textos sinxelos
	Emprega o dicionario de xeito guiado para resolver dúbidas de vocabulario que atopa nos textos
Usar a biblioteca do centro respectando as normas de funcionamento e participar en actividades literarias	Participa en actividades literarias do centro
	Coida, conserva e organiza os libros

Usar as estratexias de planificación e revisión do texto	Planifica, elabora, selecciona e estrutura o texto antes de comezar a escribir
	Aplica os signos de puntuación en xeral
	Aplica de maneira xeral a ortografía
Elaborar textos de ámbito académico para comunicar información	Elabora escritos como resumos, descrições, explicacións, etc; para obter e comunicar información
Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte	Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación: marxes, disposicións no papel, caligrafía, etc
Utilizar terminoloxía gramatical e lingüística básica como apoio á comprensión dos textos	Recoñece enunciados, palabras e sílabas
	Identifica formas verbais
	Separa en sílabas e sinala a sílaba tónica
	Identifica substantivos, o seu xénero e número, tamén adxectivos, determinantes e pronomes
	Valora e utiliza as normas ortográficas e a súa importancia
	Emprega signos de puntuación
Escoitar, memorizar e reproducir textos sinxelos da literatura galega popular	Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos da literatura popular (contos, adiviñas, poemas, cancións, etc)

## **RELIXIÓN CATÓLICA**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Tomar conciencia de que as accións persoais acercan ou separan de Deus	Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz
Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo	Agradece e interésase polos coidados de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola e os amigos

Explicar cal era a esperanza de Israel nun Salvador	Identifica a Xesús como O Mesías
Describir detalles do nacemento de Xesús	Sabe separar a verdade nos enunciados sobre o nacemento de Xesús
	Participa nalgunha escena da representación do Nadal
Presentar a Xesús e o seu comportamento como modelo para o ser humano	Reflexiona sobre a maneira de comportarse
Relacionar santidad e comportamento persoal	Vincula a santidad con actitudes concretas da vida

### **E. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan	Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica
Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios	Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais
	Diferenza e reconece as distintas texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas
Utilizar instrumentos técnicos e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final	Utiliza cores (primarios ou mesturados) e tonalidades con intención estética
	Manexa lapis de cores, rotuladores para a composición de obras
	Practica, recorta e pega materiais de diferentes texturas
	Completa figuras seguindo as liñas como guía

	Combina distintas técnicas en traballos artísticos
	Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada
Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente	Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo
Respectar e valorar o traballo individual e en grupo	Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas

## **E. FÍSICA**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador/ora ante as posibles situacións conflitivas xurdidas participando en debates e aceptando a opinión dos demais	Explica aos seus compañeiros/as as características dun xogo practicado na clase
	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable
	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva
Buscar e presentar información e compartila facendo uso das tecnoloxías da información e comunicación como recurso e apoio á área	Expón as súas ideas expresándose de forma correcta
Demostrar un comportamento persoal e social responsable respectándose a un mesmo e aos outros nas actividades físicas e nos xogos aceptando as regras establecidas	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores
	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases

	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda
Aceptar a propia realidade corporal e a dos demais	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre nenos/as da clase
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo	Mantense en equilibrio nas distintas posturas e posición un tempo determinado
	Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento
Resolver situación motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais	Realiza desprazamentos intentando non perder o equilibrio
	Realiza habilidade motriz do salto intentando non perder o equilibrio
	Realiza habilidades motrices de manipulación de obxectos (lanzamento-recepción)
Recoñecer os hábitos de hixiene corporal, hábitos alimentarios saudables relacionado coa actividade física	Coñece os beneficios do exercicio físico para a saúde

### **LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Comprender o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais	Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais
	Comprende os puntos principais de narracións breves, sinxelas e

Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión da información máis importante do texto	ben estruturadas sobre temas familiares
	Entende o que se lle di en situación como: instrucións, indicacións, peticións, avisos, etc
	Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido
Falar de si mesmo así como expresar os seus gustos con frases sinxelas e de uso moi frecuente enlazados con conectores básicos (and/or) ou illadas	Fai presentación moi breves elementais preparadas e ensaiadas cunha pronuncia e entoación comprensibles
Identificar o tema e comprender as ideas principais de textos escritos traballados previamente de forma oral	Comprende frases simples escritas relacionadas cos temas traballados previamente por oral
	Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais
	Amosa interese pola lectura en lingua estranxeira
Escribir textos sinxelos segundo un modelo dado composto por frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as normas ortográficas e os signos de puntuación	Escribe frases sinxelas traballadas previamente de forma oral
	Completa un formulario en liña cos seus datos (nome, apelido, idade)
	Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase
	Presenta os seus textos de forma coidada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade

	Valora a lingua escrita como medio de comunicación
Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, calidades físicas, forma e cor. Expresar localización dos obxectos e identificar os seus desexos. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas propias do seu nivel. Mostrar un control limitado de estruturas gramaticais sinxelas. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en textos sinxelos.	Utiliza as rutinas de saúdo e despedida (hello, goodbye, etc)
	Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas
	Expresa a localización básica dos obxectos e de xeito elemental os seus desexos
	Estrutura adecuadamente os elementos das oracións mantendo a concordancia de xénero e número e usa nexos básicos
	Diferenza preguntas e respostas simples
	Comprende e usa o vocabulario básico necesario para participar nas tarefas na aula. Le textos sinxelos adecuados á súa idade e escribe léxico traballado de forma oral previamente
	Valora a realidade plurilingüe da súa contorna

### **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva	Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que

	respecta os dos/das demais nas actividades de grupo
Desenvolver o propio potencial mantendo unha motivación e esforzándose para o logro de éxitos individuais e de equipo	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos
	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración
Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal e responsable	Reflexiona respondendo a preguntas que son consecuencias das súas accións
	Desenvolve actitudes de respecto cara os demais
Expresar opinións, sentimentos e emocións empregando a linguaxe verbal e non verbal	Expón respectuosamente os argumentos
Utilizar habilidades de escoita	Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala
	Colabora en proxectos grupais escoitando e demostrando interese polas outras persoas
Traballar en equipo amosando condutas solidarias	Practica estratexias de axuda entre iguais
	Respecta as regras durante o traballo en equipo
Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa	Participa na elaboración das normas da aula
	Respecta as normas do centro escolar
Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática resolvendo os conflitos empregando frases de mediación cunha linguaxe positiva	Resolve os conflitos coa axuda dunha persoa adulta de modo construtivo
	Manexa a linguaxe positiva na comunicación

### 3º CURSO

#### MÚSICA.

<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>
<b>BLOQUE 1. ESCOITA</b>	
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
	EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
	EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
<b>BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>	
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
	EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
<b>BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA</b>	

B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
	EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
	EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

## 2- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### 2.1. AVALIACIÓN

#### **PROCEDEMENTOS:**

O alumnado enviará, dúas ou tres veces por semana, algunha actividade das propostas polo profesorado de maneira que semanalmente o/a profesor/a teña coñecemento obxectivo do desempeño de cada una das materias traballadas. O profesor/a enviará a valoración dese desempeño individualmente.

#### **INSTRUMENTOS:**

Valoración do traballo realizado, interese no desenvolvemento de actividades e actitude mostrada na realización das actividades individuais e grupais. Todo isto tendo en conta as dificultades de carácter tecnolóxico, social e persoal de cada alumno e alumna.

### 2.2. CUALIFICACIÓN

A cualificación final obtense da media do 1º e 2º trimestre deste curso. Esta media poderase ver incrementada entre 1 e 2 puntos segundo e diagnose do traballo do 3º

trimestre. En calquera caso a cualificación final nunca será inferior á media dita anteriormente.

### **2.3. ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Recóllense os mínimos esixibles programados para este curso en cada unha das áreas pendentes.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Añadirase á media do 1º e 2º trimestre un máximo de 2 puntos segundo a diagnose do traballo de recuperación proposto para este 3º trimestre.

#### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

O alumnado con materias pendentes enviará o traballo diariamente da área ou áreas pendentes para a súa valoración obxectiva.

Valorarase positivamente a actitude, interese e desenvolvemento das tarefas, tendo en conta as dificultades persoais, sociais e tecnolóxicas do alumnado/alumna en cuestión.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES**

#### **3.1. ACTIVIDADES**

Envío, dúas ou tres veces por semana, de actividades das diferentes áreas mantendo o horario, no posible, do curso presencial.

As actividades adaptaranse ó alumnado, dependendo das súas capacidades e situación.

Haberá polo tanto, actividades de reforzo pero tamén de ampliación para aquel alumnado que demostra ter avanzado nun tema determinado.

En xeral, as actividades serán de reforzo do aprendido nas clases presenciais e só se ampliarán conceptos que requiran pouca participación do profesorado neste momento.

#### **3.2 METODOLOXÍA**

Explicación mediante audios, vídeos e chamadas telefónicas dos conceptos a traballar e reforzar. Entregaranse esquemas e apuntes para facilitar este proceso de aprendizaxe.

Unha vez realizada a explicación, entréganse diferentes actividades para a práctica deses conceptos. Ao día seguinte, envíanse as correccións explicadas, de cada unha das actividades propostas.

Todo o alumnado está conectado ao grupo de WhatsApp, polo que reciben explicación e información do desempeño da materia.

A forma de entrega das actividades varía entre os que recollen os documentos escaneados vía WhatsApp, por correo electrónico, e mesmo un deles recibe a impresión das actividades no domicilio por medio do servizo habilitado polo Concello.

O alumnado con materias pendentes ou os necesitados de apoio/reforzo educativo, reciben as actividades e propostas de tarefas adaptadas a esas necesidades, polo tanto, diferentes ás recibidas polo grupo/clase.

### **3.3 MATERIAIS E RECURSOS**

- Móviles, ordenadores, tablet e impresora
- Grupo de WhatsApp de información diaria
- WhatsApp persoal do profesor/a titor/a
- Internet e correos electrónicos
- Facebook do centro para envío de tarefas grupais
- Apuntes e esquemas elaborados pola mestra
- Documentos de exercicios creados polo mestre/a
- Guía enviada polo mestre/a de materiais didácticos na rede

## **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Publicarase na páxina web do centro estas adaptacións das programacións para este tercer trimestre.

Cada profesor/a titor/a explicará e informará destes cambios, dunha maneira sinxela remitindo aos pais/nais/titores á páxina web do centro, para información máis detallada.